

AS VANGARDAS NA LITERATURA GALEGA

Introdución xeral ás Vangardas

A partir da década dos 20 do século XX, a poesía galega experimentará unha renovación estética debido á influencia das vangardas europeas, que é propiciada tamén pola vocación universal e o afán modernizador da cultura e a lingua galegas protagonizada polo Grupo Nós.

As **vangardas** son un movemento estético que producen unha fonda renovación dos campos artísticos a través da busca da orixinalidade, da ruptura radical coa tradición, de temáticas e formas pouco convencionais. A diferenza da concepción artística tradicional, que intentaba reproducir fielmente a realidade, as vangardas pretenden transformala, reinterpretala, a partir da visión persoal do artista. Agora a arte ten sentido en si mesma e é unha arte cerebral, antisentimental. Preséntanse de modo fragmentario (**os -ismos**) e danse a coñecer a través de manifestos provocadores. Con respecto á literatura, destacan o surrealismo, futurismo, dadaísmo, cubismo e creacionismo. E aínda sendo movementos relativamente efémeros, deixaron unha fonda pegada nas distintas manifestacións artísticas ata a actualidade.

Características particulares das Vangardas galegas

En Galicia non existiron escolas vangardistas como tal, xa que **as vangardas galegas posúen características propias**: non renuncian ao compromiso coa situación sociocultural, non rompen completamente coa tradición nin se afastan do sentimentalismo. Porén, ao igual ca as europeas, si contou con revistas como *Ronsel* ou *Alfar*, aínda que tamén publicaron en *A Nosa Terra* e *Nós*, e cun interesante **manifesto, “Máis alá!”**, **asinado en 1922 por Manuel Antonio e Álvaro Cebreiro**, no que se realiza unha crítica radical á tradición, se exalta a liberdade creadora e o individualismo e se reivindica o uso do galego.

Manuel Antonio, o gran poeta vangardista galego

A figura máis relevante da vangarda plena é Manuel Antonio, que se move dentro da órbita do creacionismo, movemento que pretende captar a esencia da realidade e reinterpretala desde a óptica persoal do poeta. Destaca o poemario **De catro a catro** (1928), presentado como un diario sentimental dunha travesía mariña, unha singradura, que é unha alegoría da vida. De estrutura circular (“Intencións”, 1º poema; “Adeus”, poema final), componse de dezanove poemas centrados no mar, que xunto coa soidade radical, o paso do tempo e o contrapunto da terra, aparecen como principais temáticas. A paisaxe marítima representa o estado de ánimo do poeta, polo que Manuel Antonio non persegue a deshumanización propia da vangarda. Incorpora tamén características expresivas propias do futurismo (ausencia de puntuación) e do cubismo (xustaposición de imaxes). Presenta imaxes e sintaxe rupturista co afán de evitar a representación mimética da realidade. Os títulos de todos os poemas funcionan como leitmotivs (idea recorrente). Este poeta rianxeiro modernizou a poesía galega, tanto na lingua (introduce estranxeirismos, cultismos e léxico mariñeiro), coma na forma (na disposición tipográfica dos versos, versolibrismo) e no tema (visión do mar desde dentro).

O surrealismo na poesía de Álvaro Cunqueiro

Tamén se insire na vangarda **Álvaro Cunqueiro** cunha estética vinculada especialmente ao surrealismo en títulos como **Mar ao norde** e **Poemas do si e o non**. Esta parte da súa profusa obra é de expresión próxima ao surrealismo pola abundancia de metáforas irracionais e un marcado gusto pola inspiración onírica (o mundo dos sonhos). Cunqueiro achégase tamén á poesía neotrobadoresca, como se recolle máis adiante.

Movimentos paralelos ás vangardas: neotrobadorismo e hilozoísmo, os -ismos galegos

Estas dúas escolas poéticas desenvolvéronse de maneira paralela ás vangardas sen ser consideradas como tal, debido a que non rompe totalmente coa tradición poética galega anterior. Constitúen, xa que logo, unha “vangarda matizada”.

Por un lado, o **neotrobadorismo** nace tras o descubrimento e difusión da poesía medieval galego-portuguesa. Os poetas novos, marabillados ante a beleza das vellas cantigas, inspírase nelas e introducen nas súas creacións líricas recursos estilísticos (paralelismo, refrán), ou ambientación e léxico similares. Destacan **Fermín Bouza Brey**, con *Nao senlleira e Seitura*, e **Álvaro Cunqueiro** coas obras *Cantiga nova que se chama riveira* e *Herba aquí e acolá*, que combina os temas e técnicas dos cancioneros medievais con atrevidas imaxes vangardistas. Esta corrente concorda co pensamento galeguista daquel tempo, pois así a literatura galega recuperábase logo da existencia dunha etapa pasada de esplendor literario

Por outro lado, o **hilozoísmo** (ou animismo ou imaxinismo) é unha tendencia próxima á vangarda que presenta a natureza humanizada, animada, polo que se continúa coa liña animista de Noriega Varela. Nos poemas hilozoístas hai unha descrición metafórica moi orixinal da paisaxe galega. O seu principal expoñente é **Amado Carballo**, autor de *Proel* e *O galo*.

MODELO DE PREGUNTAS DE EXAME

Pregunta 5. Educación literaria

5.1. Contextualice este poema na época correspondente. Destaque e analice dúas características do poema que permitan situar o seu autor nunha tendencia poética desa época. Indique outras dúas correntes poéticas da mesma época, así como un dos seus autores máis representativos e unha das súas obras. (Extensión aprox. 250 palabras) (2,50 puntos)